

FOLLETO MISA CON NENOS


17 de marzo de 2024 Coresma 5º-B

Xoán 12, 20-33: “Se o gran de trigo cae en terra e morre, dá moito froito”.

**Mensaxe: O Mestre ensíname
o oficio de sementador**



**El Maestro Jesús me enseña
el oficio de sembrador**



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás:

Estamos xa no domingo último de Coresma, preto xa de Ramos. Seguimos camiñando cara á Pascua. O Evanxeo fálanos de que Xesús se aproxima a Xerusalén sabendo que está próxima a súa morte na Cruz. O seu corazón desbórdase e saen fóra os seus sentimentos: *“Se o gran de trigo non cae en terra e morre, queda infecundo; pero se morre, dá moito froito”*. Con estas palabras, Xesús está a anunciar a súa morte próxima e o froito dela: a nosa salvación. E convidanos a ser como o gran que se entrega, se desvive polos demais. É o que fixo el na cruz.

(Poderíanse colocar no presbiterio unha maceta de espigas de trigo, ou un tarro con grans. E un texto: “Coresma: sementa, crece e comparte” ou “O Mestre ensíneme o oficio de sementador”. O canto “Xesús, o Mestre”: <https://youtu.be/LKbp8N6puBU?se=3P8R8mJ3GWhNKIkM> pódenos axudar a crear ambiente toda a Coresma para falar dos oficios).

SACERDOTE: - No nome... **Xesús, trigo moído amasado na mesa da eucaristía e feito pan que nos alimenta como xerme da nosa resurrección, sexa convosco.**

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: Ante a Cruz que preside a nosa celebración, onde Cristo segue crucificado polos nosos pecados. Arrepentímonos de corazón.

- **Niño/a:** Polas nosas comodidades e polas nosas faltas de xenerosidade que te seguen cravando na Cruz. **Señor, ten piedade de nós.**

- **Catequista:** Pola nosa insolidariedade e polas nosas discriminacións, que te seguen cravando na Cruz. **Cristo, ten piedade de nós.**

- **Pais:** Polo noso conformismo e polas nosas covardías que te seguen cravando na Cruz. **Señor, ten piedade de nós.**



Sacerdote: Deus, noso Padre, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro de Xeremías lémbra-nos que o Señor vai realizar unha nova alianza co seu pobo gravando as súas palabras nos corazóns. A carta aos Hebreos tráenos á memoria que Xesús, sufrindo na cruz, logrounos a salvación. O evanxeo anuncia explicitamente a súa morte na cruz ensinándonos o camiño do cristián, un camiño de servizo, de entrega, de salvación a través da cruz.

LECTURAS

Xeremías 31, 31-34:

Farei unha alianza nova e non recordarei os pecados.

Xa chegan días —oráculo do Señor— en que farei coa casa de Israel e a casa de Xudá unha alianza nova. Non será unha alianza como a que fixen cos seus pais, cando os tomei da man para sacalos de Exipto, pois quebrantaron a miña alianza, aínda que eu era o seu Señor —oráculo do Señor—. Esta será a alianza que farei con eles despois daqueles días —oráculo do Señor—: Poñerei a miña lei no seu interior e escribireina nos seus corazóns; eu serei o seu Deus e eles serán o meu pobo. Xa non terán que ensinarse uns a outros dicindo: «Coñecede o Señor», pois todos me coñecerán, desde o máis pequeno ao maior —oráculo do Señor—, cando perdoe a súa culpa e non lembre xa os seus pecados. *Palabra do Señor.*

Salmo 50:

R/- Oh, Deus, crea en min un corazón puro.

Hebreos 5,7-9:

Aprendeu a obedecer; e converteuse en autor de salvación eterna.

Aprendeu a obedecer; e converteuse en autor de salvación eterna. Cristo, nos días da súa vida mortal, a berros e con bágoas, presentou oracións e súplicas ao que podía salvarlo da morte, sendo escoitado pola súa piedade filial. E, aínda sendo Fillo, aprendeu, sufrindo, a obedecer. E, levado á consumación, converteuse, para todos os que o obedecen, en autor de salvación eterna. *Palabra do Señor.*

XOÁN 12, 20-33: *Se o gran de trigo cae en terra e morre, dá moito froito.*

Narrador: Naquel tempo, entre os que viñeran a celebrar a festa había algúns gregos; estes, achegándose a Filipe, o de Betsaida de Galilea, rogábanlle:

Gregos: -«*Señor, queremos ver a Xesús*».

Narrador: Filipe foi dicirllo a Andrés; e Andrés e Felipe foron dicirllo a Xesús. Xesús contestoulles:

Xesús: -«*Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do home. Con toda a verdade volo digo: se o gran de trigo non cae en terra e morre, queda infecundo; pero se morre, dá moito froito. O que se ama a si mesmo, pérdese, e o que se aborrece a si mesmo neste mundo, gardarase para a vida eterna. O que queira servirme, que me siga, e onde estea eu, alí tamén estará o meu servidor; a quen me sirva, o Pai honraráo. Agora a miña alma está axitada, e que direi? Pai, líbrame desta hora? Pero se por isto vin, para esta hora: Pai, glorifica o teu nome*».

Narrador: Entón veu unha voz do ceo:

Voz: -«*Heino glorificado e volverei glorificalo*».

Narrador: A xente que estaba alí e oíuno, dicía que fora un trono; outros dicían que lle falaba un anxo. Xesús tomou a palabra e dixo:

Xesús: -«*Esta voz non veu por min, senón por vós. Agora vai ser xulgado o mundo; agora o príncipe deste mundo vai ser botado fóra. E cando eu sexa elevado sobre a terra, atraerei a todos cara a min*». Isto dicíao dando a entender a morte de que ía morrer.

Palabra do Señor.

(Narrador - Gregos - Xesús - Voz)

4. ORACIÓN DOS FIEIS


Sacerdote: Porque confiamos no amor misericordioso do Pai, dicímoslle:

R.- Sementa o noso corazón para que dea froito abundante.

- 1.- Para que o Espírito renove a súa Igrexa e **nos anime a converternos dos nosos pecados. Oremos.**
- 2.- Para que non malgastemos a vida, vivindo só para nós mesmos senón que sementemos alegría e entrega. **Oremos.**
- 3.- Para que levemos os golpes da vida con esperanza, sentíndonos acompañados por Xesús. **Oremos.**
- 4.- Para que miremos á cruz de Xesús e esteamos á beira dos que sofren. **Oremos.**
- 5.- Para que vivamos a Semana Santa participando nos oficios en familia e preto de Xesús. **Oremos.**
- 6.- Para que levemos a Xesús aos que sen sabelo teñen o desexo de velo, coñecelo e seguilo. **Oremos.**
- 7.- Para que como S. Xosé saibamos vivir vida e fe na sombra, con humildade, pero con fidelidade e entrega. **Oremos.**
- 8.- Para que o Señor suscite mozos dispostos a descubrir a beleza do seguimento de Cristo. **Oremos.**

Sacerdote: Axúdanos, Señor, a morrer a nós mesmos para producir os froitos abundantes de amor.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS



- GRANS DE TRIGO:

Ofrecémosche Señor, **estes grans de trigo**. Pedímosche que igual que eles van morrer para dar froitos, tamén nós deamos froitos de boas obras, de servizo, de xenerosidade, como Xesús.

- CRUZ SEN CRISTO:

Tamén ofrecemos esta **cruz**, nela morreu Xesús por nós para quitarnos as barreiras que nos atan e facernos libres. Con ela queremos ofrecer o noso compromiso de seguilo.

- PAN E VIÑO:

E ofrecémosche tamén este pan e viño, con eles tiu regálasnos a salvación, obra do teu amor entregado por nós.

S. Xosé, home con corazón de pai

-Ano Santo de S. Xosé-

S. Xosé, pai amado: que os pais fagan da súa vida un servizo á familia e a Xesús.

S. Xosé, pai tenro: que descubramos a tenrura de Deus que actúa nas nosas debilidades.


S. Xosé, pai obediente: que deamos o noso si a Xesús facendo sempre a súa vontade.

S. Xosé, pai acoledor: que acollamos sen exclusións vendo en cada persoa un irmán.

S. Xosé, pai da valentía creativa: que transformemos os problemas en oportunidades e abramos novos camiños ao evanxeo.

S. Xosé, pai traballador: que colaboremos con Deus na creación e ningunha familia quede sen traballo.

S. Xosé, pai na sombra: que nos responsabilicemos da vida dos outros e aprendamos a dar sen posuír.



6.- ORACIÓN DE GRAZAS

Quero seguirte, Señor
Quero seguirte, Señor, quero perder o poder,
o prestixio, a imaxe. Quero renacer á
sinxeleza, á escoita atenta do outro,
a que me importe tanto o seu como o meu,
a que me doia todo dor dos meus irmáns,
a mostrarme pequeno e fráxil, como son,
a compartir as miñas dúbidas, os meus medos
e fracasos,
a triunfar todos xuntos, a lograr en común,
a regalar ata o último recuncho do meu ser.
Axúdame, Señor, a dar a miña vida, o meu
tempo,
as miñas cousas e o meu eu.
Nas túas mans póño-me, fai de min o que
queiras...
Contigo ao meu lado... xa non necesito ganar.

**FELIZ DOMINGO
DÍA DO SEÑOR**